

CONCELLO PLENO **ACTA DE SESIÓN**

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/04
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA (2ª da
mesma data) .
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 21 de marzo de 2007

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as nove horas e cincoenta minutos do día 21 de marzo de 2007 reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do Sr.Alcalde D. Balbino E.Pérez Vacas co fin de celebrar sesión EXTRAORDINARIA e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

Presidente:

D.Balbino E.Pérez Vacas (Alcalde)

Concelleiros presentes na sesión:

D.Ramón López Pérez
D.Carlos Pérez Méndez
D.Fernando Suárez Barcia.
D.Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Álvarez Lastra.
D.Santiago Fdez.Reinante Salvatierra
D.José Carlos Rodríguez Andina.
D.Manuel Fernández Fra
D.Elías García López
D.Manuel ValínValdés.
Don José Duarte Díaz
D.Pedro Tomás Fojo López

Secretario:

D.Manuel J.Díaz Sánchez

Interventor acctal.:

D.José Vázquez Cupeiro

2007/01/19.- RENOVACIÓN, RECLAMACIÓN E ACTUACIONES DE MELLORA EN DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBANO.

Iniciada a sesión intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular , que manifesta que non sabe moi ben se darlles a documentación ou non, porque total vai ser o mesmo, e en calquera caso dirán que volven a improvisar, pero vailla dar igual de todos os xeitos.

Prosegue manifestando o Sr.Concelleiro que agarda que non lles cree este asunto tantos problemas como o anterior, porque non ten un volume impresionante, é dicir que son dúas follías , e que o pode leer sobre a marcha, e non hai demasiados problemas, e ademáis supón que como goberno municipal , e o Sr.Concelleiro Delegado de Obras como encargado asiduo das mesmas, non lle chamará a atención o que aquí ven.

Manifesta que no casco urbano o que propoñen é a renovación da rúa peonil, porque aínda que non se cuidase nunca demasiado, pero dende que está este goberno as chapuzas que se fan na zona peonil son de xénero importante , por non dicir que por exemplo, agora en moitas rúas nin se poñen os adoquíns senon que se pon formigón e se fan as raias,para que parezan adoquíns, e dí que por exemplo esto sucede nunha peonil que é o corazón do pobo.

Sinala tamén que, en segundo lugar, lles da a sensación de que a pesar do que dixeron da rúa San Francisco non reclamaron nada de nada, e que cree que é un clamor popular e xa lle chaman ata “río pimpelo” ou algo así á rúa, e xa que non o fixeron, que o reclamen, que non reciban a obra , e reclamen , xa que isa é unha chapuza.

Asimesmo manifesta o Sr.Rodríguez Andina que por seleccionar, simplemente e para que caiban no presuposto, xa que non lles pretenden deixar hipotecado a ninguén de maio en adiante , entre outras cousas porque ao mellor, sabe Deus, a quén hai que deixar hipotecado, e que como non pretenden eso , polo menos o que queren, é que se actúe en determinadas rúas, aínda que non sexan tan céntricas , e non luzcan tanto como a de Doutor Moreda que parece ser que tiña o asfalto tan destrozado que había que facer unha obra impresionante alí, porque estaba destrozado e xa o vían todos, todos os días.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que entón aínda que non se vexa tanto, están a rúa Camilo Barcia, a Avda. de Luarca, a rúa Alfredo Deaño, a Avda. de Calvo Sotelo, as beirarrúas de Ramón Gonzalez, a rúa Julio Lazúrtegui, ou a rúa Carlos III que son máis escondidiñas pero polas que pasan moitas persoas todos os días,é polo que propoñen que ahí se faigan actuacións de mellora, e que é así de facil, cos mesmos , e xa llo dí, cos mesmos condicionantes, que a proposta que fixeron no Pleno anterior, é dicir cos mesmos prazos , o mesmo método, e a mesma axilidade que se aplica o Goberno municipal para levar adiante as obras que propoñen e que iso é todo.

Interven o Sr.Fernández-Reinante Salvatierra para manifestar que él simplemente antes plantexaba unha cuestión de orde para coñecer cal era a súa situación.

O Sr.Alcalde respóstalle que estase noutra sesión , e con outro punto da Orde do día, e que ten a palabra para intervenir con relación ao segundo pleno, ás obras no casco urbano, todo o que queira.

O Sr.Fernández-Reinante replica que supón que ten dereito a saber en que condición vota, se como grupo , ou se como non adscrito e é que non sabe en que condición vota.

O Sr.Alcalde respóstalle que vota como Concelleiro deste Concello.

O Sr.Fernández-Reinante contesta que ben , que vale, e simplemente que quere manifestar que o seu voto vai ser favorable , porque son propostas razoables , e como vota, o que pasa é que é Concelleiro con menos dereitos que antes , e que simplemente quere manifestar iso.

Intervén o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que respoosta que lle parecen todas ben , e que pode poñer moitas máis porque as necesidades son todavía meirandes.

O Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular intervén e dí ao Sr.Suárez Barcia: “Quédache mes e medio, apura.”

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Valín Valdés que non está no uso da palabra e lle pide un pouco de respecto, xa que está intervindo outro Concelleiro.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular á súa vez pide ao Sr.Alcalde que trate a todo o mundo igual , e éste responde que a todo o mundo trata igual, o que é negado polo Sr.Rodríguez Andina.

O Sr.Suárez Barcia prosegue intervindo, e manifesta que non sabe a que ven tanta crítica coa rúa Doutor Moreda, cando o Sr.Duarte Díaz nos medios de comunicación xa leva dito, non sabe cantas veces, que foi cousa deles, que xa o deixaran todo feito, e agora cuestionan que este goberno municipal executara cousas , e quere sinalar respecto a eso de que estaba previsto, porque na rúa Doutor Moreda, igual que nas rúas San Francisco e Reinante, estaban executando un plano estratéxico que determinaba un número delas e non crearon nin cambiaron a orde de ningunha máis, e que é máis, nese mesmo Plano estratéxico que había está contemplada a rúa Ramón González, que xa o outro día (e xa sabe que lles molesta) da que se falou nos medios de comunicación, e que será porque fan as cousas, e igual o Grupo municipal Popular non o ve, pero non cree que os medios de comunicación lles fixeran caso para anunciar sempre fume.

O Sr.Suárez Barcia prosegue negando o que dí o Grupo Municipal Popular e manifesta que o seu Grupo (en relación ao Grupo do BNG) ten pouca capacidade de incidencia nos medios de comunicación a nivel xeral , e que considera que na rúa Ramon González hai que facer moito máis que as beirarrúas, e cree que hai que ser moito máis ambiciosos e que hai que levantala toda, non somentes as beirarrúas, senon repoñer todos os servizos que son de chumbo , ou que son de uralita, os servizos soterrados, e hai que darlle un cambio absoluto para o cal, como foi sendo nos últimos anos, non vai chegar so coa aportación municipal, e polo tanto vai haber que agardar ás convocatorias que faga a Consellería de Innovación e Industria como en épocas anteriores, xa que lle consta que sairán nas próximas semanas; esta é unha obra, pero con esto non quere ocultar o resto, e a ese resto realmente lle fai falta unha actuación, e poden aínda aportar máis, e en relación á rúa San Francisco si que está feita unha reclamación á empresa e nos próximos días contan con que arranxen esas deficiencias que quedaron ocasionadas alí.

Intervén o Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular que manifesta que por alusións, (do Sr.Suárez Barcia) quere dicirlle que equivoca os temas das súas palabras, e que o Concelleiro que está no uso da palabra, falou de que si deixaba o anterior goberno municipal feitos moitos traballos , eran traballos de obras que o goberno actual realiza agora, como é a rúa Reinante ou parte de San Francisco,pero non falou da Rúa Doutor Moreda, como que era unha obra que deixara o goberno anterior , senon que o pavimento desa obra estaba en perfectas condicións para meterse a gastar diñeiro nel, e que esa era a súa intervención, e non outra.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha aclaración máis que facer por parte dos Sres.Concelleiros.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular dí ao Sr.Duarte Díaz que sí, pero que é igual, que lle van dicir o que lles dea a gaña, que vai ser o mesmo pero poden poñer máis.

Toda vez que soa o teléfono móbil do Sr. Concelleiro que está a intervir, pide perdón por elo o interesado, e o Sr. Alcalde rógalle e insiste que por respecto aos presentes se apaguen os móbiles, sinalando o Sr. Rodríguez Andina que o remataba de apagar pero non se lle apagou, e se delibera sobre o uso dos móbiles na sesión, pedindo o Sr. Alcalde que todos apaguen os móbiles.

Prosegue a súa intervención o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular, que dí que poden poñer máis, e antes podían poñer moitísimas máis pistas, pero claro se poñen moitísimas máis pistas e moitísimas máis rúas, lles dirán que para un presuposto dun ano non se poden executar nin se poden sacar adiante, ou sexa, que non lles conten cousas que non teñen sentido, é dicir, si sí, porque sí, e se non, porque tamén, e repite que non lles conten iso, e que non insistan, porque vai tirar de hemeroteca e vai contar todas as fotografías en que sale (en referencia ó Sr. Suarez Barcia) con casco e sin casco, e logo vai contarlle todos os anuncios, cantos sairon adiante, e xa verá como queda o asunto, e que todo o que vaia a maiores lles parece moi ben, pero a súa proposta é a que é, e a manteñen.

O Sr. Alcalde chama a atención ó Sr. Valín Valdés do Grupo Municipal Popular, que está a falar polo seu teléfono móbil e lle pide que non fale polo teléfono móbil, que llo acaba de dicir, e lle pregunta se o escoita, e lle pide respecto a él mesmo e aos seus compañeiros de Corporación e á Alcaldía, e pide que prosiga o Sr. Rodríguez Andina, que se atopaba no uso da palabra.

O Sr. Valín Valdés dí ao Sr. Alcalde: “está nervioso”.

Prosegue a súa intervención o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que insiste, en que máis que en Ramón González, que todo o que queiran en Ramón González, pero cos materiais que queiran, pero que a proposta do Grupo Municipal Popular é a que é, e cos prazos que poñen, e iso é o que se somete a votación aquí, e que o seu Grupo non admite enmendadas ás súas propostas e a proposta é a que é e non outra, e que agora fagan os proxectos que queiran, e cantos máis mellor, que lles parece estupendo.

O Sr. Alcalde resposta que máis nota sacan, e que o Grupo municipal socialista do mesmo xeito que no anterior Pleno, vaise abster en base aos argumentos mencionados.

Intervén o Sr. Fernández Reinante, sendo autorizado polo Sr. Alcalde, sinalando éste que a pesar de que dixo que era o último turno, e o Sr. Concelleiro manifesta que simplemente lle estrana que o buque insignia deste goberno municipal, nos seus investimentos e nas súas ideas, sexa unha idea que xa estaba plantexada, é dicir que agarda que nese caso sexan máis intelixentes para plantexala aos seus veciños, que é o seu traballo e non unha cousa que simplemente estaban executando do que xa estaba plantexado, e que probablemente se fixera por calquera goberno.

O Sr. Alcalde resposta ó Sr. Fernández Reinante que, intelixencia é o que lle falta a mais de un, e da a palabra ó Sr. López Perez, do Grupo Municipal socialista.

Por parte do Sr. López Perez, do Grupo municipal Socialista, na súa intervención afirmase que somentes quería facer un pequeno recordatorio, refrescar un pouco a memoria, en concreto ó Sr. Rodríguez Andina, porque leva aquí moitos anos (en relación a sí mesmo) sabe un pouco o funcionamento dos plenos e dos acordos plenarios, etc., etc. e non e o mesmo forzar a convocatoria dun pleno e adoptar un acordo plenario, que o que se comentaba tamen antes, que o apartado de rogos e preguntas, e a vontade de executar certos acordos e certas cousas, que si se recollen nas actas e que si se compromete un a facer; e que lle vai a recordar ao Sr. Rodríguez Andina certas cuestións do seu goberno de cando estivo gobernando no Concello de Ribadeo.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina que pregunta ó Sr.López Perez que si é parte do debate.

O Sr, López Perez dí que é a súa intervención, para recordarlle o que o Sr. Rodríguez Andina dí de compromisos de facer e de deixar de facer , etc., etc., que é totalmente distinto un acordo plenario , que o de rogos e preguntas., e que no primeiro pleno que o Sr.Rodríguez Andina presidiu neste Concello e do que xa choveu , e está falando do 11 de setembro de 1995, ou sexa que mire onde vai a data, lle fixo unha pregunta e posteriores rogos.

Intervén o Sr. Duarte Díaz do Grupo Popular que dí que é que querialle contar unha cousa.

Prosegue intervindo o Sr.López Perez que pregunta si é que lle riñe ao Concelleiro do Grupo Popular , e que non, que lle está dicindo que no pleno do 11 de setembro de 1995 se imaxina que o recordará , porque foi o primeiro pleno que presidiu como Alcalde , lle fixo unha primeira pregunta , e foi a primeira pregunta que lle fixo mentres estivo na oposición , e era precisamente sobre as vivendas dos profesores do instituto , fixolle unha pregunta naquel pleno, e despois lle fixo posteriores rogos, solicitándolle , ó que accedía o Sr.Rodríguez Andina, á resolución destas vivendas de profesores do instituto; que hoxe en día esta todavía sin solucionar , e agarda que o Sr Alcalde tome agora , no prazo de tempo que lle queda , ata rematar este mandato, tome e chegue a acordos con Educación para poder demoler polo menos o primeiro edificio que xa o solicitara (o Sr.Concelleiro no uso da palabra) no ano 1995 e o que o Sr. Rodríguez Andina non se negaba, pero lle daba certas respostas , como que estaban sometidas a un proceso xudicial , que habia moito traballo nas oficinas..., esta todo recollido nas actas ; que habia moito traballo nas oficinas municipais, que os técnicos son se podían poñer co tema, e ata hoxe está sin solucionar e agarda que o solucione o Sr Alcalde.

Prosegue manifestando o Sr.López Perez que lle vai facer outro recordatorio ,de que no pleno do 22 de setembro de 1997, e pide o Sr.Rodríguez Andina que lle escoite, e este lle contesta que está falando co seu compañeiro.

O Sr.Alcalde dí a ambos Concelleiros que un momento por favor,e que se dirixan ambos dous á presidencia da sesión.

O Sr. Rodríguez Andina dí que ata ahí podían chegar.

Intervén o Sr.López Pérez de novo,sinalando que, no pleno do 22 de setembro de 1997, xa choveu tamen, lle fixo un rogo sobre a reparación da Rinconada de San Francisco , que agarda e como sabe, e está aprobado un proxecto de remodelación de parte da Rinconada de San Francisco incluído naquel pleno , aceptoulle o rogo no ano 1997 sen ningún problema , e que o Sr.Rodríguez Andina, segundo di na acta acepta o rogo, acepta o rogo ,e di que é cuestión de tempo.

Reitera o Sr. López Perez que así esta recollido na acta de setembro de 1997 , fai 10 anos , e agarda que o execute o grupo de goberno actual, se non é neste mandato, en próximos mandatos , ou a corporación que eiquí esté, pero se vai executar , e o Sr.Rodríguez Andina , no ano 97 acepta o rogo , e di que é cuestión de tempo , xa choveu, e eso que non chove moito en Galicia, últimamente, e desde aquela xa choveu .

Pasa a referirse de seguido o Sr.López Perez a unha moción que si fora aceptada , como foi a repatriación dos restos dos Hermanos Moreno Ulloa , foi no primeiro mandato do Sr. Rodríguez Andina, e loxicamente o tivo que levar a cabo este goberno no ano 2005 afortunadamente levaron a cabo esa repatriación dos restos, e que é para recordarlle simplemente cousas; que o Sr.Rodríguez Andina aceptou ou se comprometeu e que están sen executar, e que quere dicirlle que coñece perfectamente o sistema de funcionamento que é distinto un Pleno, un acordo plenario ,dun rogo, e que o sabe perfectamente, pero por non seguir mirando, xa que pode seguir mirando actas que hai moitísimos rogos que fixeron e están sen executar ,

dende o mandato do Sr.Rodríguez Andina, e non pasou nada, e se non se executaron agora non se executarán, e simplemente quería recordarlle estas pequenas cousas.

O Sr.Alcalde dí que vai ser o último turno e pregunta quen quere intervir.

O Sr.Fernández-Reinante dí que o vai pensar tamén.

O Sr.Rodríguez Andina intervén do Grupo Municipal Popular sinalando en relación ó Sr.Alcalde, que lle pasma a súa postura neste Pleno, e que non sae do seu asomo, do que acaba de dicir o compañeiro do Grupo Político do Sr.Alcalde, que non ten nada que ver co que se está debatindo aquí, absolutamente nada, pero de todos os xeitos lle vai a contestar ,que non teña dubida , e non ten absolutamente nada que ver, e que o Concelleiro que está a intervir non dixo nada de facer, nin de deixar de facer , o que sí parece é que claro, dí que o que se acorda despois se leva a efecto ou non; pero isto se vai levar porque a isto lle poñen prazo, porque se fían do goberno municipal como de nada, como dun nublado.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que esto sí se vai levar a efecto, porque senon será un incumprimento dun acordo plenario , nos prazos correspondentes, e xa dixo de xeito reiterado ,que se non traballan pode pasar calquera cousa, e polo tanto sí que se vai levar a efecto, e que iso é en primeiro lugar; que en segundo lugar que lle bote en cara o de que non arranxaron o das vivendas sociais, perdón, das vivendas dos profesores, todavía non lle oi falar ata entonte, que parece ser que neste mandato nin unha vez abriu a boca, nin unha, sobre o asunto o Sr.López Pérez, e resulta que están gobernando pero llo debeu abrir sempre ao Alcalde, porque de viva voz non se oía absolutamente nada; que respecto á Rinconada de San Francisco, se é que a arranxaron non a arranxarían como pretenden facer co parque e o Cantón, que Deus lles pille confesados e a ver se teñen sorte e non lles da tempo, pero ¿ como é iso de que non arranxaron a Rinconada de San Francisco?, ¿ pero quen dixo iso, e de que disparate están aquí falando?.

Prosegue afirmando que por non dicir que non ten nada que ver iso co que ven aquí ao Pleno, e é que proponen unha serie de obras , que lles parecen importantes e fundamentais para o casco urbano, e iso é o que hai que debatir se lles parece ben , ou se lles parece mal, e o propoñen, e quere insistir que nas mesmas condicións nas que propuxeron as obras do Pleno anterior, cos mesmos prazos, e o mesmo procedemento, e é o que aquí están debatindo.

Dirixíndose ao Sr.López Pérez, dí o Sr.Rodríguez Andina que lea todas as actas que queira, porque non lle preocupa o que lle diga, nin lle pon nervioso cada vez que o vé, e que o curioso é que o Sr.López Pérez lle pon cara de que se vai comer a alguén cando fala, e cando despois as ten que recibir, claro, é cando pon a cara sorrinte, que qué lle van a facer.

Intervén a continuación o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que dí que, brevemente para ir rematando con este Pleno , pero insiste que se poden estudar , poden facer moitas destas, pero como o Pleno é de aquela maneira, convocado, sen información de ningún tipo, para o seu grupo solamente é un tragala, posto encima da mesa, con un filibusterismo político alucinante, e neste aspecto, no periodo breve, breve brevisimo dun minuto , entre pleno e pleno, poido observar que o Sr.Rodríguez Andina non sabe cando empezaron a facer isto , e que estas obras non sabe se as pediron os seus veciños, amigos ,ou os seus inspectores por ahí polas parroquias e pola vila , e entende que pola vila como non son moitas, ¡pois si!, ten que dicirlle que se pode facer algo, nestes e en moitos mais, pero é que algunhas das que propoñen xa estan feitas, polo que poido ver dende o Pleno anterior, porque as obras nos Galos cree que a empresa constructora hai 20 días que as estivo asfaltando, e xa xabe que se está cambiando de Pleno.

O Sr.Rodríguez Andina pide ao Sr.Alcalde que a ver se son serios, e o Sr.Alcalde e o Sr.Suárez Barcia dín que o son.

O Sr.Rodríguez Andina dí que se non , se levantan e se van, e que isto é un cachondeo.

O Sr.Alcalde dí que o Sr.Rodríguez Andina se equivoca, e iste responde que non se equivoca, que é un cachondeo; e o Sr.Alcalde lle dí que se equivoca, que o que dirixe o Pleno é o Alcalde.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez dille que xa é a segunda vez, e o Sr.Alcalde respóstalle que é a segunda ou a terceira.

O Sr.Rodríguez Andina pola súa parte dí que xa é a segunda vez e que cando falan os membros do Grupo Popular ou escoitan a non sabe quen, resulta que lles chama a atención, e o Sr.Alcalde dí que está no uso da palabra o Sr.Suárez.

O Sr.Suárez Barcia pola súa parte dí que pide disculpas, porque non, e ten 7 ou 8 anuncios que non os vai dicir, ou vai dicir un.

O Sr.Rodríguez Andina dí que xa o dixo.

O Sr.Suárez Barcia, volta a intervir sinalando que non, que non somentes dixo unha nada máis, senon que ten 7 ou 8 ,e só dixo unha para ilustrar que era un “trágala “, así de claro, entón que saíra adiante e que sairá, e que supón que se farán, se queda tempo e se hai diñeiro, supón que se farán, pero dende logo a maniobra do Sr.Rodríguez Andina e insiste e dí o mesmo argumento, que no Pleno anterior , de oportunismo político e de filibusterismo, dunha maniobra; e que despois brevemente quere dicir ao Sr.Fernández-Reinante , que fixo unha argumentación sobre que o importante era que non tiñan ideas ou algo así, porque de feito as ideas as executaron sen máis, que non puxeron ideas novas no ámbito da peatonalización ou da semipeatonalización, é dicir de execución dese proxecto estratéxico que non redactaron e que nunca fixo propio (o Sr.Concelleiro que está a intervir), e que nunca se acreditaron como creadores dese proxecto estratéxico, e que vai contestarlle cunha cita de Castelao, que dicía que o verdadeiro heroísmo consiste en converter os anxeos en realidade, e as ideas en feitos, e durante catro anos nese ámbito , estiveron convertindo as ideas en feitos , en feitos que ademáis é un lema que lle gusta moito ao Partido Popular.

O Sr.Rodríguez Andina pide intervir por unha cuestión de orde e o Sr.Alcalde lla nega.

O Sr.Rodríguez Andina volta a pedir intervir por unha cuestión de orde.

O Sr.Alcalde dí que non hai cuestións de orde e o Sr.Rodríguez Andina replica que lles acaba de citar, e lles acaba de facer trampa o portavoz do BNG.

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Rodríguez Andina que non ten o uso da palabra.

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Rodríguez Andina que é por tres veces, que non ten a palabra.

O Sr.Alcalde dí que por parte do Partido Socialista van a absterse porque entenden igual que dixeron no Pleno anterior, que entenden que esta proposta do Partido Popular é cando menos irregular, por carecer de proxecto, presuposto e consignación presupostaria e que proceden a votar a proposta do Partido Popular.

Pasado a votación a proposta do Partido Popular obtén sete votos a favor (6 dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular e outro do Sr.Fernández-Reinante Salvatierra) e seis abstencións (dos membros dos Grupos Municipais socialista e do BNG), aprobándose a mesma nos seus propios termos.

2007/02/20.- SOLICITUDE, ANTE O MINISTERIO DE FOMENTO, DA REVERSIÓN DA AVDA. DE GALICIA, JOSÉ VICENTE PÉREZ MARTINEZ E AVDA. DE ASTURIAS, CON PARTIDA ECONÓMICA SUFICIENTE PARA PROCEDER Á SÚA HUMANIZACIÓN.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí ao Sr.Alcalde que son unhos tramposos e o que vai facer.

O Sr.Alcalde dí que lle retira a palabra , e que aquí non hai ningún tramposo e que mentres non a retire non hai Pleno, e lle pregunta se retira as manifestacións.

O Sr.Rodríguez Andina dí que non, e o Sr.Alcalde dí que suspende a sesión.

Sendo as 10 horas e 10 minutos se suspende a sesión, abandoando os Sres.Concelleiros o Salón de sesións.

A sesión se reanuda,ás 10 horas e 40 minutos do mesmo día da data, 30 minutos despois da interrupción da mesma, atopándose presentes todos os Concelleiros.

O Sr.Alcalde-Presidente dí que se reanuda a sesión e que agradecería aos presentes que manteñan a compostura necesaria.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí que non, se llo permite o Sr.Alcalde, e xa lle dirá se llo permite ou non, e que é que hai aquí unha cuestión de orde previa, unha suspensión extemporánea, que dixo que se suspende, e cando se van, de xeito totalmente irregular, e porque quedou un Concelleiro do Partido Popular pedindo aquí unha documentación, e chamou aos seus compañeiros, e que se reanuda ás dez e media, e que isto é unha pura chapuza e se antes había trampas, agora hai trampas e chapuzas, e isto non ten ningún sentido , e pregunta se houberan ido aos seus traballos como era a súa obriga ,e se fora camiño de Lugo como é o que ten que facer hoxe, o Sr.Concelleiro que está a intervir, pregunta que pasaría.

O Sr.Alcalde respóstalle que sería o seu problema, porque suspendeu a sesión e a pode reanudar ao longo de todo o día, e se non que lle rectifique o Sr.Secretario, e de seguido o Sr.Alcalde da a palabra ao Sr.Secretario da Corporación para que informe.

Por parte de Secretaría sinalase que a sesión foi suspendida , en principio sen un prazo, se ben o funcionario informante supuxo que a sesión se reanudaría, e que o que dí a Lei é que ten que empezar e rematar na data da convocatoria, e se tal circunstancia se producise, a sesión debería ser notificada, se non ía ser unha reanudación inmediata, e que ise é o seu criterio.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta se pode facer tamén él unha consulta xurídica e o Sr.Alcalde lle dí que non.

O Sr.Rodríguez Andina dí que ten que dicir que no punto da Orde do día está de acordo co que lle acaba de dicir o Sr.Secretario , e o Sr.Alcalde lle dí que se alegran.

Prosegue intervindo o Sr.Rodríguez Andina que dí que hai un problema, que é que hai que citar a todos os membros da Corporación, e dende logo a maneira de citar a todos os membros da Corporación non é dicíndolle a un que chame aos seus, que veñan ás dez e media , e iso non llo explica a él nin o Secretario nin ninguén, e isto é unha chapuza e non hai máis.

Como fixeron trampa no punto anterior, e aquí queda escrito no punto, o da por defendido e agarda a que falen, como fixo o Sr.Suárez Barcia antes, agardando a que falaran os demais , para que non poideran replicarlle, e que vai a agardarlles.

Por parte do Sr.Alcalde respóstase que por parte do Goberno municipal este punto da Orde do día , xa formaba parte dunha maneira máis ampla, dun punto previsto no Pleno ordinario do luns día 12 , máis ambicioso, toda vez que se incluían tanto a rotonda de Dompíñor como a

rotonda da Vilavella, e se ampliaban non somentes en canto a estas tres rúas, por cortesía do goberno, e por non interromper, porque entendían que unha vez convocada a Comisión pertinente e con anterioridade dabondo , estaba perfectamente delimitado cal era o punto que ían debatir no Pleno ordinario, e non a través da convocatoria extraordinaria deste pleno, pero xa dí que , en canto a esta solicitude que xa se reflectía na Orde do día do Pleno ordinario , que van apóiala, pero deberían tamén, e así o cree, que por parte do Partido Popular, aínda que non procede , pero se o estima pertinente, debería ampliarse na súa lonxitude máxima á solicitude que se vai facer ao Ministerio de Fomento.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina que manifesta que está na súa primeira intervención , e que non sabe de que cortesía lles fala o Alcalde, senon máis ben de cumprimento estricto da Lei , por si acaso, que iso é o que tiveron que facer , retirando o punto da Orde do día do Pleno ordinario, porque como xa lles dixeron , estaba incorporado na Orde do día dun extraordinario que estaba convocado anteriormente a ese Ordinario e tiña que ir ao extraordinario e non ao Ordinario, e polo tanto de cortesía , nada.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que neste Concello a cortesía coa oposición voa, aínda que supón que dirán que tamén a cortesía desta co goberno, pero ben, donde as dan as toman, iso en primeiro lugar; en segundo lugar fan a proposta que fan, e que miren que aínda lles parecería bastante lóxico que se poidera ampliar, pero a súa proposta é ista, e ista é a que van a manter, unhos tramos a ambas partes, e que agora lles parece que tratan de facer urbano máis tramos..., pero dense conta que despois da partida inicial que a dan, pero despois hai que facerse cargo, e tratar de facer urbano dende a rotonda de Dompniñor ata a rotonda da Vilavella, e pretender que iso sexa urbano, primeiro queda moi guapo , cando lles dan os cartos para poñelo a andar, pero a partir dese momento queda en máns do Concello.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que por tanto , lles parece que , como mínimo, o que sí é urbano, e é o que dín, que dende o Instituto máis ou menos, ata o Parador , ese tramo sí é urbano, e é unha Travesía que hai que converter en rúa, e o que pretenden agora con esta proposta é converter en rúa esa Travesía que agora mesmo non deixa de ter un aspecto de estrada sen máis, e logo, o outro se pode analizar e polo menos esa parte que acabe sendo rúa, e por iso o van a manter, pero aquí non van dar prazos porque non é un tema que poida resolver o Concello, e o que van pedir é que se faiga a solicitude con rapidez se se aproba, e se lle reclame ao Ministerio que conteste con axilidade, como sabe que pode facer o Alcalde, de vez en cando, como cando foi a SEPES e voltou co millón de euros.

O Sr.Alcalde precisa que se trata dun millón cen.

O Sr.Rodríguez Andina dille que moi ben , e que xa lle dixo no seu momento, que se alegraba moito da xestión, ou sexa que non lle insista, pero coa mesma celeridade piden que nestas propostas tamén se aplique.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que o criterio do goberno coincide neste caso co do Partido Popular , pero entende, que a maiores debería ser tamén outras partes, xa se abondará no tema, e aparte da entrega que cree que corresponden trinta e tres millóns de pesetas por quilómetro, entenden que unha vez que se contemplara esa reversión por parte do Ministerio, se facilitarían as peticións de moitos dos veciños afectados no que hoxe é a estrada, en canto á solicitude de licencias, e que ao ser rúa pasarían a depender do Concello e non doutra Administración, e manifestando iso , reitera que o goberno vai a votar a favor desa proposta nos termos expostos polo Partido Popular, por unanimidade.

Por Secretaría se pregunta sobre se se vai a facer o acordo como noutros casos, e preguntallo ao Grupo propoñente, manifestándose polo portavoz do Grupo Popular que non teñen técnicos ou xurídicos contratados ,que non poden facer proxectos nin propostas xurídicas, que fan propostas políticas , e que serán os servizos municipais os que lle dean forma.

Intervén a continuación o Sr. Duarte Díaz que pide un minuto, e que quere sinalar que xa o Sr. Suárez Barcia cando se tratou esta cuestión fixo alusión a que non todos os quilómetros teñen a mesma valoración, porque uns poden estar máis defectuosos e lóxicamente habería que invertir máis diñeiro, e que non sabe se esta proposta pode caber cando se dirixa o Concello a Fomento, e pide que se desenvolva esa proposta, que non vaian a ser trinta e tres, e resulte que hai algún quilómetro que estea feito un asco e despois a pagalo o Concello ou a tragar con él.

O Sr. Alcalde conclúe que polo tanto a petición se efectuará conforme á proposta do Grupo Popular de que estean en perfecto estado.

Tras deliberación, considerando o disposto na Orde de 23 de xullo de 2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da rede de estradas do Estado e o disposto así mesmo na Orde 3426/2005, de 27 de outubro de 2005 do Ministerio de Fomento (BOE de 4 de novembro de 2005) sobre o mesmo asunto.

Considerando, o establecido nos artigos 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo das Estradas e o artigo 127 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.

Visto que o tramo urbano de rúas Avda. de Galicia, José Vicente Pérez Martínez e Avda. de Asturias, ao terse realizado as obras dun novo trazado da estrada nacional ao existir a Circunvalación de Ribadeo (Ronda Oeste) teñen adquirido o carácter de vías urbanas e cun tráfico de carácter eminentemente urbano, o Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, nas condicións da normativa mencionada a transferencia de titularidade dos tramos coincidentes coas rúas urbanas Avda. de Galicia, rúa José Vicente Pérez Martínez e Avda. de Asturias, por ter adquirido a condición de vías urbanas e ser de carácter eminentemente urbano o tráfico que circula polas mesmas, debendo facerse entrega ao Concello en perfecto estado.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para asinar o Convenio e as demais actuacións previstas no apartado 3º da mencionada Orde, facultando así mesmo para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

3º.- A notificación e expedición de certificación acreditativa deste acordo ó Ministerio de Fomento.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos por parte do Sr. Alcalde se levanta a sesión, estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,